



## Urbano Lugrís e o movemento cultural In Nave Civitas entre 2012 e 2018: unha análise ecocrítica<sup>1</sup>

Ana Acuña<sup>2</sup> | Olivia Rodríguez González<sup>3</sup>

Recibido: 26 de xuño de 2019 / Aceptado: 15 de setembro de 2023

**Resumo.** Primeira fase dun traballo de investigación ecocrítica e socioliteraria sobre o colectivo cultural e cívico In Nave Civitas (nado en 2012) e a súa relación coa figura e a obra literaria e plástica de Urbano Lugrís (1908-1973). Obxectivos: pescuda da orixe do movemento e da escolla de Urbano Lugrís como emblema. Contextualización sociocultural do perseiro que inspira o grupo e percorrido pola súa recepción anterior a 2012. Recopilación e estudo de diferente documentación escrita e audiovisual. Realización de entrevistas aos membros: Xurxo Souto, Ana Badía, Rodrigo Osorio e Teresa Ramiro. Análise, seguindo o eixo lugrisián, das ramificacións do movemento a través de colaboracións e interseccións con colectivos espallados por Galicia: Malpica, Vilaboa, Vigo, Bueu etc. Conclúese, tras analizar as entrevistas, as actividades e as creacións musicais e literarias dos membros, que hai unha serie de elementos culturais e vitais da traxectoria de Urbano Lugrís que son apropiados e recreados polo colectivo, tal como se manifesta na reconstrución da historia vivida desta corrente de cultura na rúa, que nace e se desenvolve aínda na cidade da Coruña. Eses elementos teñen que ver co rescate dos valores republicanos que o grupo proxecta ás reivindicacións cívicas de urxencia ecolóxica e impronta femininista, con diferentes implicacións laborais, sociais e culturais no presente. Salientan a defensa da biodiversidade e dos valores do coidado e a igualdade, así como a recuperación dos espazos públicos e os lugares da memoria, e a ocupación das redes dixitais nas que o colectivo se amosa moi activo.

**Palabras chave:** Ecocrítica; socioliteratura; feminismo; activismo cultural en Galicia; colectivo In Nave Civitas; Urbano Lugrís.

## [es] Urbano Lugrís y el movimiento cultural In Nave Civitas entre 2012 y 2018: un análisis ecocrítico

**Resumen.** Primera fase de un trabajo de investigación ecocrítico y socioliterario sobre el colectivo cultural y cívico In Nave Civitas (nacido en 2012) y su relación con la figura y la obra literaria y plástica de Urbano Lugrís (1908-1973). Objetivos: indagación del origen del movimiento y de la elección de Urbano Lugrís como emblema. Contextualización sociocultural del artista que inspira al grupo y repaso de su recepción anterior a 2012. Recopilación y estudio de diferente documentación escrita y audiovisual. Realización de entrevistas a los miembros: Xurxo Souto, Ana Badía, Rodrigo Osorio y Teresa Ramiro. Análisis, siguiendo el eje lugrisián, de las ramificaciones del movimiento a través de colaboraciones e intersecciones con colectivos diseminados por Galicia: Malpica, Vilaboa, Vigo, Bueu, etc. Se concluye, tras analizar las entrevistas, las actividades y las creaciones musicales y literarias de los miembros, que hay una serie de elementos culturales y vitales de la trayectoria de Urbano Lugrís que son apropiados y recreados por el colectivo, tal como se manifesta en la reconstrucción de la historia vivida de esta corriente de cultura en la calle, que nace y se desarrolla aún en la ciudad de A Coruña. Esos elementos tienen que ver con el rescate de los valores republicanos que el grupo proyecta a las reivindicaciones cívicas de urgencia ecológica e impronta femininista, con diferentes implicaciones laborales, sociales y culturales en el presente. Destacan la defensa de la biodiversidad y de los valores del cuidado y la igualdad, así como la recuperación de los espacios públicos y los lugares de la memoria, y la ocupación de las redes digitales en las que el colectivo se muestra muy activo.

<sup>1</sup> Traballo elaborado no marco do proxecto de investigación “Interseccións posthumanas nas literaturas galega e irlandesa” (PID2022-136251NB-I00, Ministerio de Ciencia, Innovación / Agencia Estatal de Investigación / European Region Development Fund / UE). As autoras queren deixar constancia do agradecementos ás persoas que, individualmente ou nas súas institucións, facilitaron esta investigación co seu tempo e o seu bo traballo: colectivo In Nave Civitas (Xurxo Souto, Teresa Ramiro, Rodrigo Osorio e Ana Badía), Xurxo Martínez, Belarmino (Arquivo Municipal de Bueu), Biblioteca Uvigo, Museo de Pontevedra, Biblioteca da Deputación de Pontevedra e Henrique Alvarellos

<sup>2</sup> Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina.  
Correo-e: ganime@uvigo.gal. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-9441-7450>.

<sup>3</sup> Universidade da Coruña, Departamento de Letras, Área de Teoría da literatura e Literatura comparada.  
Correo-e: olivia@udc.es. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-2154-589X>.

**Palabras clave:** Ecocrítica; socioliteratura; feminismo; activismo cultural en Galicia; colectivo In Nave Civitas; Urbano LUGRÍS.

## [en] Urbano LUGRÍS and the Cultural Movement In Nave Civitas between 2012 and 2018: an Ecocritical Analysis

**Abstract.** Phase one of an ecocritical and socio-literary research work on the cultural and civic group In Nave Civitas (born in 2012), and its relationship with the literary and plastic work of Urbano LUGRÍS (1908-1973). The main goals are: research about the origin of this movement and about the election of Urbano LUGRÍS as an emblem. Sociocultural contextualization of the artist that inspires the group and review of his reception before 2012. Compilation and study of different written and audio-visual documents. Interviews with the members of the group: Xurxo Souto, Ana Badía, Rodrigo Osorio, and Teresa Ramiro. Analysis of the movement's ramifications through the collaborations and intersections with other groups from Galicia: Malpica, Vilaboa, Vigo, Bueu, etc, having LUGRÍS as the main axis. After a review of the interviews, the activities and the musical and literary creations of the members, we conclude that there is a series of cultural and vital elements in the trajectory of Urbano LUGRÍS; and we note that the group uses and recreates these elements, as manifested in the reconstruction of the history of this cultural mainstream in the street, which was born in the city of A Coruña and still develops there. These elements have to do with the rescue of the group's republican values that impregnate the civic demands of ecological urgency and feminist imprint, with different labour, social and cultural implications in the present. The main activities are the defence of biodiversity and of the values of care and equality, as well as the recovery of public spaces and places of memory, and the use of digital networks, in which the group is very active.

**Keywords:** Ecocriticism; Sociology of Literature; Feminism; Cultural Activism in Galicia; In Nave Civitas Group; Urbano LUGRÍS.

**Sumario.** 1. Introducción. 2. Metodoloxía. 3. In Nave Civitas: orixe e participantes. 4. Prehistoria do movemento lugrisián. 4.1. Prehistoria inmediata. 4.2. Prehistoria remota. 4.3. Prehistoria media. 5. Idearium e actividades de In Nave Civitas. 5.1. Recuperación da voz dos subalternos. 5.2. Recuperación da conciencia ambiental e dos espazos. 6. Consideracións finais. 7. Referencias bibliográficas.

**Como citar:** Acuña, Ana e Olivia Rodríguez González (2024): "Urbano LUGRÍS e o movemento cultural In Nave Civitas entre 2012 e 2018: unha análise ecocrítica", en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 27, e104537, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.104537>.

## 1. Introducción

O mar mereceu a atención dos poetas galegos dende os comezos da literatura galega. Sen pretender facer unha revisión da historia do tratamento deste tema literario e interartístico, queremos abordar directamente a súa presenza nun movemento cultural e cívico que aínda hoxe está a producirse. Presentarémolo recordando a Bernardino Graña, cuxo verso "Medre o mar" se converteu no principal berro de expresión deste colectivo<sup>4</sup>.

O promotor do movemento, Xurxo Souto, elixe Urbano LUGRÍS como centro da actividade pedagóxica da que naceu, sen el pretendelo, o movemento cultural In Nave Civitas. A escolla de LUGRÍS débese a razóns derivadas da súa autoformación como escritor, pois desde que tivo nas súas mans o catálogo dunha das primeiras exposicións antolóxicas da obra do pintor, pescudou na súa andaina artística, imaxinando e sentindo con el para terminar levándoo á *literatura en acción*, que é o que mellor define o traballo deste escritor e activista cultural. Co fin de dar forma pedagóxica ao entusiasmo persoal pola obra de LUGRÍS, Xurxo Souto baséase na biografía-collage *Urbano LUGRÍS (viaxe ao corazón do océano)* (2007), de Antón Patiño; a novela-documento de Luís Rei Núñez, *O señor LUGRÍS e a negra sombra* (2007) e a edición crítica de Olivia Rodríguez González de 2008, *Balada de los mares del norte. Poemas, cuentos y ensayos (1942-1973)* de Urbano LUGRÍS. Para impartir o curso, sobre o que profundaremos no apartado seguinte, dispúxose da sede do Club de Mar de Santo Amaro, na Coruña, do que Manuel LUGRÍS, sobriño do pintor –e sobriño neto de Manuel LUGRÍS Freire–, era presidente.

Os protagonistas do movemento cultural In Nave Civitas, que foron entrevistados polas autoras deste traballo, son conscientes de recuperaren a ponte destruída que conecta co tempo da Segunda República. Non esquecen que LUGRÍS realizou o groso do seu traballo na posguerra franquista, pero acóllense á xustificación da súa actividade nunha marxe de exilio interior na que o artista se instalara. Detrás do movemento hai, pois, unha razón colectiva, social, que responde ás necesidades da vida comunal cidadá que se relacionan coa memoria histórica.

<sup>4</sup> O autor tamén titula *¡Medre o mar!* unha súa novela editada en 2013. É un berro que se difunde popularmente e chega ata ser o lema da manifestación celebrada o 7 de maio de 2017 contra a desaparición do porto interior da Coruña ás mans da especulación urbanística (Rodríguez 2017).

Urbano Lugrís, en efecto, significa a arte elocuente dunha xeración condenada ao silencio. Na Coruña mantivéronse durante o franquismo remois da vida republicana, sendo como era cidade de longa tradición desde a Primeira República ata a chegada do 14 de abril de 1931: desde Ramón Pérez Costales, retratado polo Picasso neno; ata Santiago Casares Quiroga, un dos republicanos máis demonizados polos inimigos dos principios políticos da Revolución Francesa. Os remois non se apagaron de todo tampouco na actividade cultural, e así se manifesta, máis que noutras empresas, na revista *Atlántida* (1954-1956). Urbano Lugrís pinta e escribe nela, xunto coas novas xeracións que van romper co *sentido común* franquista –na acepción que dá a esta expresión Antonio Gramsci: a ideoloxía expandida nas masas, en forma de mensaxes superficiais, polas clases hexemónicas co obxecto de ser aceptadas como tales sen oposición (Gramsci 1973: 311)–. Os promotores da revista apóianse nos devanceiros republicanos e nacionalistas galegos: Álvaro Cebreiro é o máis representativo, amais dos vellos petrucios que non desapareceron na guerra, como Ramón Otero Pedrayo ou Vicente Risco. Urbano Lugrís está á cabeza dos ilustradores: Mariano García Patiño, Ramón Villar Chao, Alfonso Abelenda, José María Labra, Alejandro Pérez Pascual, etc., como director artístico de *Atlántida*. Acompáñao Mariano Tudela como director literario desta revista que leva a camuflaxe da dirección oficial de Enrique Míguez Tapia, baixo as ordes de Luis Legaz Lacambra, responsable das publicacións universitarias do Réxime en Galicia.

Urbano Lugrís, membro correspondente da Real Academia Galega, era fillo de Manuel Lugrís Freire, que fora presidente da institución e un dos membros máis constantes na actividade política galeguista: desde a época de Solidaridad Gallega (1907-1912) cando, entre outras colaboracións, asinaba contos co pseudónimo “Asieumedre” no voceiro político e cultural *A Nosa Terra*; ata o momento no que o Partido Galeguista fundado en 1931 era esmagado, xunto coas demais forzas democráticas, polo golpe de Estado de 1936 e a guerra resultante. Lugrís era tamén fillo da pianista Purificación González Varela, sobriño do poeta, pintor

e músico Urbano González Varela; e afillado de Francisco Tettamancy Gastón, académico e membro da Cova Céltica con notables traballos sobre a cultura céltica en Galicia. Era moi difícil tirar pola borda semellante herdanza.

Se Urbano Lugrís é convertido polo movemento In Nave Civitas en emblema do legado da República, “mundo soñado” por el e por toda unha xeración, tamén está a ser considerado, nun eido máis persoal e individual, como espírito libre que fomenta a desinhibición e a liberación a través da arte plástica e literaria (Tudela 2012: 156). É a súa unha creación ofrecida en varias modalidades e fases que conflúen nun mesmo punto: facer que o receptor participe dos soños do autor, non por ser o seu un surrealismo digamos canónico, senón pola vía da súa potente imaxinación e fantasía. De todo isto é consciente o movemento In Nave Civitas que presentamos a continuación.

## 2. Metodoloxía

Para achegarnos ao fenómeno cultural arredor da figura e da obra de Urbano Lugrís, seguiremos a estratexia metodolóxica da investigación-acción polas canles da socioliteratura e a ecocrítica, nas que traballamos nos últimos anos. A estratexia concretouse mediante as conversas presenciais coas persoas implicadas no movemento. Para isto partimos do coñecemento e a observación participante dunha das responsables deste estudo, Olivia Rodríguez, colaboradora da rede cívica lugrísíá na Coruña dende hai uns anos. Isto completouse coa investigación no sur de Galicia da outra responsable, Ana Acuña, coa recolla de testemuños do traballo de Urbano Lugrís e da súa pegada actual na Península do Morrazo (Bueu) e na cidade de Vigo (conexión cos estudosos de Lugrís e o colectivo A Nave das Ideas).

Para o bo desenvolvemento da investigación, establecemos un plan de traballo coas persoas ás que habería que entrevistar segundo o seu nivel de implicación no movemento<sup>5</sup>. Todas as conversas tiveron lugar na cidade da Coruña, pois este era o punto de partida para coñecer o movemento cívico arredor de Urbano Lugrís, durante os meses de xuño (día 12) e xullo (días 19 e 31) de 2018. Mesmo tivemos ocasión pouco despois de participar nun acto

<sup>5</sup> En anteriores traballos, defendemos o uso dos documentos persoais motivados polas investigadoras para “desvelar a construción da identidade” (Acuña 2014: 11).

lugarisián, celebrado o 10 de agosto co gallo da Feira do Libro nos xardíns coruñeses de Méndez Núñez. Estaba dedicado á presenza de Federico García Lorca en Galicia e á relación de Lugrís co poeta asasinado e o colectivo republicano das Misións Pedagóxicas.

O primeiro entrevistado tiña que ser indiscutiblemente o músico, escritor e activista Xurxo Souto. Este concordou connosco na pertinencia de poñernos á fala coas persoas que incluímos nesta investigación, cuxa nómina se completará nun futuro, cando deamos curso á segunda fase do traballo. Tamén nos forneceu información sobre a orixe, os integrantes e as ramificacións que foi coñecendo o movemento. Seguindo esta orientación, as restantes persoas coas que conversamos foron Rodrigo Osorio e Ana Badía, nunha entrevista conxunta e, por último, mantivemos un encontro con Teresa Ramiro. Coas informacións orais, complementadas con documentos escritos e audiovisuais, como a ciberbitácora do colectivo, os correos electrónicos que nos enviaron e os enlaces dixitais que nos procuraron, pretendemos crear a historia vivida do movemento xurdido na Coruña arredor da figura de Urbano Lugrís.

### 3. In Nave Civitas: orixe e participantes

O movemento cívico lugarisián In Nave Civitas nace durante a realización dun obradoiro organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que impartiu Xurxo Souto entre novembro e decembro de 2012, co nome “Historias da cidade barco. A Coruña, capital do mar”. Os contidos do curso, sintetizados para o obradoiro de 2012 en 7 apartados, revelan os fíos de conexión que mantiña coa obra de Urbano Lugrís e mais cos estudos e ensaios que o propio Xurxo Souto editou nas últimas décadas<sup>6</sup>:

- Todos os grandes ciclos míticos do mar recalcaron na Coruña.
- Don Emilio González López e a ruta do “curricán”. A historia da cidade contada polos camiños do mar.
- Do antigo gremio de mareantes.

- Toponimia e talasonimia do mar da Coruña.
- Os homes mariños do Orzán e o Tritón de Lisboa.
- A outra banda do Muro: Terranova e Gran Sol.
- A Coruña-La Habana. A cultura galega renace polos camiños do mar.

Ben proveitosos deberon ser estes puntos para os e as asistentes pois, tralo curso, tal e como se indica no “Caderno de bitácora” do colectivo<sup>7</sup>:

Varias das alumnas daquel obradoiro decidimos comenar unha andadura artística conxunta sen constituir unha entidade con personalidade xurídica para simplemente avanzar, as veces xuntas, as veces apoiándonos unhas nas outras desenvolvendo os nosos soños. (In Nave Civitas 2017)

Espectadora privilexiada, Ana Badía recordou para nós como, a pesar de non asistir ao obradoiro, ía sorprendéndose do valor humano dos e das asistentes a partir das conversas co seu compañeiro Rodrigo Osorio:

Eu lembro que Rodrigo baixaba<sup>8</sup> con Teresa e que me chamaba por teléfono e que me contaba historias. Claro, entre todos empezaron a ter unha cousa... porque son xente tan distinta, que traballan en cousas tan diferentes que se contaban as súas historias. Ti [Rodrigo Osorio] nunca tiveras unha amiga mariscadora. Entón Teresa empezaba a contarlle todas as historias que tiña, todas as loitas. [...] Era alucinante. Estábades todos... porque cada cal era máis interesante. (Entrevista Ana Badía 2018)

E quen eran esas persoas tan distintas? Rodrigo Osorio explicounos en detalle a heteroxeneidade na procedencia:

é increíble porque ademais somos cada un do noso pai e da nosa nai. Coincidimos Xosé, que é mariñeiro; Teresa, que é mariscadora; Manuel Caamaño, que é fundamentalmente electricista; (...) eu, que son funcionario; Ana, que é avogada; Moncho, que é enxeñeiro de telecomunicacións; Xiana, que é bibliotecaria (...); Xurxo Gago, que é exmilitar xubilado (...); Pilar, que

<sup>6</sup> Referímonos a *Contos da Coruña* (2001), *Contos do mar de Irlanda* (2004), o relato “A pesca do Marrau, o porco mariño”, incluído no volume *Tres trebóns* (2005) e a novela *A gran travesía de Chiruca Macallás* (2018).

<sup>7</sup> Agradecemos a Rodrigo Osorio que compartise connosco o seu valioso arquivo gráfico e documental: <http://innavecivitaslugris.blogspot.com>. [consulta: 26/06/2019].

<sup>8</sup> Dende o Club do Mar, na zona de Monte Alto, onde se desenvolvía o obradoiro, debían baixar cara ao centro da Coruña.

era profesora de instituto e Maca, médico (...); Roberto Castro da librería Sisargas... (Entrevista Rodrigo Osorio 2018)

Segundo nos foron informando durante as conversas e completando nos correos electrónicos, o colectivo foi acoollendo no seu seo persoas diferentes co paso dos anos. É dicir, a partir do grupo inicial de asistentes ao curso de Xurxo Souto en 2012 (Xosé Iglesias, Xabier Maceiras, Teresa Ramiro, Rodrigo Osorio, Manuel Caamaño, Os Santamarina: Antón e Tinuca, Xurxo Gago, Roberto Castro, Pilar Pérez e Pilar Silva), fóronse unindo persoas vinculadas a ese gupo inicial. Botamos man, de novo, do caderno de bitácora para saber deses nomes:

Partillan no colectivo, entre outras: Ana Badía, Roberto Castro, Carmen Bouza, Manuel Caamaño, María José Fernández, Xurxo Gago, Xosé Iglesias, Sofía de Labañou, Antón Laia, Xabier Maceiras, José R. Montero, Serafin Mourelle, Rodrigo Osorio “O Rucho”, Moncho do Orzán, Fernando Patricio, Pilar Pérez, Xiana de la Peña, Teruka Queiro, Teresa Ramiro, Jacobo Ríos, Antón Santamarina, Lía Santiso, Maca Silva, Pilar Silva, Paco Souto, Marta Souto, Xurxo Souto, Xurxo Rodríguez. (In Nave Civitas 2017)

Trátase de nomes de distintas procedencias, os menos do mundo da literatura, pero que alí recuperaron a forza da escritura que levaban dentro<sup>9</sup>. É o caso paradigmático dunha das nosas informantes, Teresa Ramiro, mariscadora de profesión, pero coa paixón pola escrita e polo mar dende a infancia.

Velaquí as palabras da citada Teresa Ramiro durante a conversa que mantivo coas autoras desta investigación:

A min, desde que eu teño uso de razón gústame moitísimo escribir (...). Eu o mar xa o coñecera a través da literatura de Rafael Alberti e apasionábame (...). Estiven un tempo sen escribir (...). Entón, para min o [obradoiro] de Xurxo foi volver ter unha porta aberta a moitas cousas e coñecer a todo este grupo de xente. Foi unha empatía, unha simbiose fantástica e aí foi cando xa me animei a seguir. Había que escribir e tiveron a fortuna de que escribín un poema que se convertiu un pouco nun himno, “A Rabaleira”, que o musicaron (...) os Diplomáticos de Monte

Alto. (...) E continuo escribindo e teño publicacións en libros colectivos. (Entrevista Teresa Ramiro 2018)

O citado poema “A Rabaleira”, sobre o que volveremos noutro apartado, formou parte dun folleto<sup>10</sup> titulado “Cantigas para terrícolas” que acompañou as presentacións do libro de Xurxo Souto *Contos do mar de Irlanda* (publicado dous anos despois do obradoiro, en 2014). No mesmo libro de contos, o “A xeito de limiar” é un poema, titulado “Transfusión oceánica”, doutro dos asistentes ao obradoiro, Xosé Iglesias. O título da poesía daría nome pouco despois ao poemario que o autor publica na editorial Caldeirón en 2014.

Repárese en que Xurxo Souto, ademais de impartir o obradoiro, pulou e divulgou a obra dos seus alumnos e alumnas. Así o testemuña o propio Xosé Iglesias nos seus poemarios *Transfusión oceánica* (2014) e *A relixión do mar* (2016). No primeiro libro, escribe: “Grazas eternas a Xurxo Souto, que soubo arrancar este motor diésel que semella ter combustíbel dabondo e aprendeume a tocar a buguina”. Tam pouco esquece os compañeiros e compañeiras

A Roberto Castro Iglesias, que foi quen de se adentrar nos poemas e converter en transfusión oceánica o seu pincel. Ao colectivo In nave Civitas, fideis navegantes do océano cos que agardo seguir a bruar as buguinas até non dar máis de min. (Iglesias 2014: 89).

Quero agradecerlles aos poetas Paco Souto e María José Fernández o seu apoio incondicional, e o moito que aprendín e estou a aprender deles (...) Aos meus compañeiros de In Nave Civitas cos que nos movemos pola cidade da Coruña e poñemos en acción os nosos soños, ao seu capitán Xurxo Souto. MEDRE O MAR!! (Iglesias 2016: 146)

As palabras de Teresa Ramiro durante a nosa conversa volveron incidir no papel fundamental do docente Xurxo Souto, ata o punto de considerar o inicio do obradoiro como o momento determinante do nacemento do colectivo:

O máis importante foi o primeiro día do obradoiro, o coñecer esta xente (...) Xurxo é un dinamizador cultural. Eu sempre andei coa cabeza

<sup>9</sup> Non é difícil establecer, a partir dalgúns aspectos que acabamos de abordar, concomitancias entre o colectivo In Nave Civitas e o Batallón Literario da Costa da Morte (Carracedo Doval 1998: 42).

<sup>10</sup> En dous folios dobrados recóllase “Cantiga de Periquete” armada por José Luis Blache, “Na outra banda do mar” de Antón Avilés de Taramancos, “Nordés”, “A Rabaleira” e “Corrido arramallado”.

agachada, unha persona moi tímida moi introvertida. (...) Pero desde que estou con esta xente, de verdade, cambiei moitísimo. (Entrevista Teresa Ramiro 2018)

A poeta e mariscadora plasmou esa idea por escrito na publicación do seu primeiro poemario individual en 2019, *Fundido a negro*. Do apartado final, dedicado aos agradecementos, reproducimos dous fragmentos:

E foron os versos enchendo vagóns, ata conformar un pequeno comboio que hoxe encara unha emocionante viaxe, mais esta viaxe remataría no primeiro apeadoiro de non ser polo cambio de agullas que fixeron:

Xurxo Souto, mestre feiticeiro, sempre abrindo regos para que outros poidamos sementar utopías na fondura deste país. (...) In Nave Civitas, miña rosa dos ventos, gardaagullas do meu rumbo (2019: 49)

Na mesma liña se pronunciou Xabier Maceiras na biografía que figura da lapela do libro *De Liverpool ás Sisargas* (en colaboración con Fernando Patricio 2014) ao recoñecer que “forma parte do colectivo In Nave Civitas que comanda o polifacético Xurxo Souto”. Pola súa parte, as palabras de Rodrigo Osorio durante a entrevista coas autoras desta investigación foron concluintes: “O núcleo de relación básico é Xurxo Souto”. De feito, parece que algunhas incorporacións de persoas novas ao colectivo se fixeron grazas a el, como é o caso do tamén músico Moncho do Orzán.

Con todo, o aludido Xurxo Souto considera que o movemento ten vida propia sen el: “Agora xa non depende dunha persoa, isto ten vida propia e iso si que é espectacular” (Entrevista Xurxo Souto 2018).

#### 4. Prehistoria do movemento lugrisián

Segundo o promotor, Xurxo Souto, o movemento “era algo que estaba a latexar no ambiente” da Cidade Barco (entrevista Xurxo Souto 2018). Pero para comprender mellor a orixe deste fenómeno cultural, imos atender aos seus antecedentes ou, como preferimos chamarlles, á súa *prehistoria en tres fases* por esta orde: inmediata, remota e media.

##### 4.1. Prehistoria inmediata

A primeira ten lugar en 2010. Ese ano, en representación do Concello da Coruña, a concelleira de Cultura polo BNG, María Xosé Bravo, convidou a Xurxo Souto, ao pintor Antón Patiño e

a outras persoas a unha “ruta coruñesa Urbano Lugrís” que o primeiro recorda como “o percorrido típico” polos murais de O Forno, de A Mundiña etc. A concelleira implicara a hostalaría no evento, así que se ofrecían unhas tapas nas paradas da ruta, antes de concluír nunha carpa levantada na praza de Santa Catalina, onde se puxeron a pintar varios artistas. Deuse a casualidade de que ese día se celebrara unha xuntanza na Real Academia da Belas Artes. Á saída, cruzáronse cos convidados á ruta algúns dos seus membros, como Miguel Anxo Prado e Xurxo Lobato, que se sumaron á actividade pintando e facendo fotografías.

O segundo precedente inmediato sitúase en 2011, cando o periodista Pablo López Orosa, que lle fai unha entrevista a Xurxo Souto por outros temas, fálalle de que existe na Coruña unha asociación chamada O Mural. Ao parecer, nacera no estudio do arquitecto Marcos Samaniego. Este e un técnico de restauración recibiron en 2010 o encargo de acondicionar o local para cafetería Vecchio da rúa Real da Coruña, onde antano abría as súas portas o Banco Hispano-Suízo, que contratou a Lugrís para pintar unha vista da península da cidade desde a súa entrada por terra. Daquela puideron comprobar en que estado se atopaba o mural de Lugrís. Decidiron crear a asociación “O Mural” para seren os primeiros en denunciar o estrago da obra e solicitar a protección BIC para evitar a súa perda. Procurando apoios, chegaron a falar co entón ministro de cultura, César Antonio Molina, nunha das visitas que facía á súa cidade natal. Con todo, a asociación terminou levando a petición da protección BIC pola vía xudicial, xa que quedara paralizada pola inercia burocrática da Xunta de Galicia, que nun primeiro momento a acollera. A demanda encargouse en 2013 ao gabinete de avogados de Ana Badía. Polo medio, Xurxo Souto xa falara con “O Mural” e unira a enerxía de ambos colectivos. Estaba cerrado o círculo.

Hai un terceiro precedente inmediato: en Vigo existía a asociación A Nave das Ideas desde maio de 2010, con Xurxo Martínez González á súa fronte. Para levar a cabo a celebración do Día das Artes Galegas creado polo grupo e que no ano 2011 dedicaron a Urbano Lugrís, chamaron a Xurxo Souto para que os puxese en contacto coa asociación O Mural. Decidiron organizar ese ano xuntos, e simultaneamente en Vigo e na Coruña, o que se constituiría finalmente como I Día Lugrís. Xurxo Martínez recorda unha conversa entre Xurxo Souto e mais el na que decidían conectar os

nomes do colectivo vigués e do nacente grupo galego a través da palabra *nave*, como motivo que os uniría a través do mar de Lugo (correo electrónico de Xurxo Martínez González).

#### 4.2. Prehistoria remota

Hai tamén unha prehistoria remota que vén sendo o grupo de artistas e literatos no que se inscribe na posguerra a traxectoria do Urbano Lugo pintor e escritor: primeiro, e despois de volver dunha xira teatral por Asturias e de expoñer en Madrid, establécese coa muller en Vigo na década dos 40, ao abeiro do crecemento industrial da comarca e dos encargos ben pagados de *El Pueblo Gallego*, dirixido daquela por José María Castroviejo. Trasládase á Coruña nos 50, onde a súa actividade segue a medrar, ata que volve a Vigo, sen familia, a finais dos 60. Alí morrerá en 1973, enfermo e só, no Sanatorio Municipal, e as súas pertenzas quedarán ao abeiro da familia de Antón Patiño. O seu fillo, Urbano Lugo Vadillo, acode ao enterro e regresa axiña á Coruña para seguir vivindo inmerso no seu mundo mariñeiro e artístico, tan achegado á personalidade do seu pai. Cómpre dicir que, ao renunciar *de facto* aos dereitos que, xunto coa súa irmá Paula, tiña da cada vez mellor valorada obra do pai, facía máis pola súa divulgación que ningunha axencia de promoción artística.

#### 4.3. Prehistoria media

A prehistoria media, o fio que leva desde os anos 40 ata finais do século XX, non a atopamos paradoxalmente nas persoas aínda vivas que coñeceron e foron amigos de Lugo, como Francisco Tudela Camino e Alfonso Abelenda, colaboradores ambos da revista *Atlántida*. Encontrámolo en cambio, nas últimas décadas do s. XX, en moitos creadores e intelectuais galegos que cultivaron a admiración por un artista abondo descoñecido en Galicia e fóra dela. E mesmo lle dedicaron parte da súa obra ou xestión cultural –ás veces, unha parte fundamental–: Xurxo Lobato, Rosario Sarmiento, Ramiro Fonte, Ramón Pernas, Xosé Luís Méndez Ferrín, Darío Xohán Cabana, Manuel Rivas, Luís Rei Núñez, Xurxo Souto e Francisco Pablos.

Hai entre eles casos nos que se advirte un afecto por Urbano Lugo herdado de persoeiros que o acompañaron na súa traxectoria vital e mesmo escribiron sobre el tratando de difundir a súa obra: o sobriño de Antonio Molina, os fillos do libreiro Antón Patiño –libreiro un, pintor outro–, os fillos de José María Álvarez Blázquez –Pepe e Celso Álvarez Cáccamo–, o

fillo de Ramón González Alegre –historiador da arte–, a filla de Mariano Tudela. Engadiremos os fillos, no senso político, de Antón Avilés de Taramancos, que ao regreso da emigración colombiana fora elixido en 1986 cuarto presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e en 1987, concelleiro polo BNG en Noia (A Coruña).

#### 5. Idearium e actividades de In Nave Civitas

Xa vimos, como nos indicou Teresa Ramiro, que o nexos entre os membros do colectivo In Nave Civitas é a amizade xurdida no obradoiro de Xurxo Souto. Con todo, na aula tamén naceron outras preocupacións, pois ademais da descuberta do que había entre eles de semellante e de forza interior (literaria e creativa), revelouse como algo novo a cidade da Coruña, os seus espazos e as súas xentes. Entre eses espazos e xentes estaba Urbano Lugo e a súa obra espallada pola cidade. E como se achaba espaxada tamén por outras vilas galegas, xurdiron as distintas ramificacións deste movemento cívico.

Asemade, a vida e a obra de Lugo acaban entroncando co ideario das voces subalternas, como iremos vendo. Explicouno Xurxo Souto con estas palabras:

Como calquera coruñés, tamén como calquera vigués, sentimos a obra de Lugo como algo próximo. Temos unha relación de pertenza. (...) É un autor diferente pero sínteste parte del. (...) É un palimpsesto, están todas as historias do mar aí, diante de nós. (Entrevista Xurxo Souto 2018)

Nese sentido tamén se manifestou Teresa Ramiro, pois a obra de Lugo era para ela unha vivencia infantil na súa parroquia natal, Vilaboa (Culleredo, A Coruña), onde o pintor decorou con murais o parvulario parroquial e pintou varios cadros para a igrexa, mentres residía alí durante os meses que durou ese traballo. Teresa Ramiro recuperou, grazas ao obradoiro de Xurxo Souto, esa vivencia que xa nunca máis a abandonaría: “Recupero Lugo cando entro no colectivo In Nave Civitas, cando Xurxo nos fala del, é dicir, eu sempre quixen recuperar eso que hai en Vilaboa”. O resorte definitivo para conseguilo, como ela nos comentou con paixón, “foi a maxia de Lugo” (Entrevista Teresa Ramiro 2018).

Rodrigo Osorio recoñece que a creación do movemento lugrisián ten que ver co mar nun primeiro momento. Pero, e como xa adiantabamos na nosa introdución, sostén que se

relaciona tamén coa “recuperación do tempo perdido, a ponte” co mundo que había antes da guerra civil, é dicir o que nos fai imaxinar o que puidemos ser de non acontecer o golpe de Estado:

É un pouco o que fixo Lugrís tamén: conservar o coñecemento dos anos trinta para a xente dos cincuenta. El viviu iso, quedouse aquí e transmitiuno. Iso cóntao moi ben Antón Avilés cando escribe que el coñeceu o que fora Galiza grazas a Lugrís e á xente que estaba aquí e lle transmitiu todo iso. Eu penso que é o máis importante. A min o que máis me transmite Lugrís é iso: o que puidéramos ter sido se non houbera o golpe de estado. (Entrevista Rodrigo Osorio 2018)

Ese tempo sen o machado bélico, aquel que non puido finalmente proseguir, é reivindicado por Rodrigo Osorio na redacción do texto titulado “Arribada” (IV Día Lugrís, 21/12/2013), lido no Museo de Belas Artes con motivo da chegada do mural “Vista da Coruña, 1830”, procedente da casa madrileña da familia LUGRÍS Alonso Muñoyerro. Esta “Arribada” é un a xeito de manifesto do colectivo In Nave Civitas que pon de relevo esa ponte temporal entre o pasado e o presente:

(...) Nós, as coruñesas, fartas da fealdade reivindicamos a beleza.

E por iso vimos hoxe á nosa arca, como tantos días, para pedir beleza a Luis Seoane, a Rodríguez Corredoira, a Abelenda, a Díaz Valiño, a Vaamonde, a Cornide, a Francisco Leiro, a Xaime Cabanas, a Manuel Colmeiro, a Francisco Lloréns, a Castelao, a Caruncho Amat, a Antón Patiño, a Álvaro Cebreiro, a Correa Corredoira, a Díaz Pardo, a Imeldo Corral, a Eugenio Granell, a Menchu Lamas, a Laxeiro, a Maruja e Cristino Mallo, a Maside, a Ovidio Murguía, a José María de Labra, a Raimundo Patiño (...)

E para pedir beleza, como non, acudimos a el, ao Noso Señor LUGRÍS, o pintor do mar, o poeta sur-marino.

Nós, os coruñeses, fartos da solidez do acaecido reivindicamos o movemento continuo do océano.

Reclamamos o soño, a serea, a áncora, o narval, as cidades asolagadas, os homes mariños, o tesouro de Rande, o bruar da buguina, a Marola, o faro (a nosa Torre), a balea, os fogos de San Telmo, a agulla de marear, a San Brandán, a Verne, os trinta e dous rumbos da rosa dos ventos e a eufonía dos nomes todos das pedras da Torre. (...)

Viremos aquí nos escuros días do presente, tan semellante a aqueles de antano nos que pintou

Urbano (...) E (...) no mundo real a nosa alma queda ancorada ao pensamento de Urbano LUGRÍS que pintaba en galego, razón pola cal non podía ser realista.

A integrante do colectivo, Sofía de Labañou (Teruka Queiro), aludía nunha alocución pronunciada na Coiraza (VII Día LUGRÍS, 2016) á perda da relación entre os mariñeiros e o mar, entre os habitantes da terra e os homes mariños. Tras preguntarse pola desaparición dese vencello que existía no pasado, e atribuírla á acción destrutiva do ser humano, Sofía de Labañou volve incidir, coma Rodrigo Osorio, en que LUGRÍS foi consciente dese elo desintegrado:

Quizais o terreo que os de terra roubamos aos do mar, o noso ruído, a contaminación... foron motivos para que os doutro lado nos retirasen a fala. Coidade o mar, que nos coida a nós, e gañaremos boa amizade!

Tamén o ollo de LUGRÍS avistou os habitantes desoutra Coruña e reflectiunos nos seus cadros. LUGRÍS avistou sereas. (...)

Vai sendo hora de que lles deamos alta a eses veciños e veciñas no padrón municipal.

Que poñamos o ollo de LUGRÍS e miremos para o océano para soñar e ser máis felices.

Tempo é de que volvan as sereas, de retomar as relacións cos homes mariños.

Aquí están, aquí se ven! Homes mariños, sereas en pé!

Ondinas, homes mariños, orzaneiras, illas móbiles voadoras. Reclamemos a Coruña do mar. (...)

### 5.1. Recuperación da voz dos subalternos

Dentro do ideario do colectivo In Nave Civitas atopamos a defensa da cultura popular fronte á institucional dos especialistas, de aí as actividades efectistas que levan a cabo, como o citado acto no Museo de Belas Artes no que Rodrigo Osorio levou unha escafandra auténtica de 1931. No sentir do citado Rodrigo Osorio está presente esa idea, vinculada a Urbano LUGRÍS, un artista que mesturaba esta cerna popular con fontes, polo outro lado, tan culturalistas: “eu penso que a súa obra era fundamentalmente popular, non só popular, pero cunha base popular” (Entrevista Rodrigo Osorio 2018).

A implicación da rúa e a popularización da cultura apréciase tanto nas preocupacións dos membros de In Nave Civitas como nos asistentes ás súas actividades. De feito, a mariscadora

e poeta Teresa Ramiro destacounos a ausencia habitual de actos culturais para a xente de a pé. Por esta razón, as actividades na rúa son as que máis a motivan, xa que: “Na rúa é onde máis sintes que á xente lle interesa ou que a xente realmente vive a poesía, que lle estás contando algo” (Entrevista Teresa Ramiro 2018).

A obra de LUGRÍS tamén é popular polos espazos nos que o artista deixou o seu legado<sup>11</sup> e este trazo é salientado polo estudoso Rubén Ventureira ao indicar que a faceta de Urbano LUGRÍS como decorador goza dunha reivindicación permanente, mesmo con accións de rúa como as promovidas na Coruña polos colectivos In Nave Civitas e O Mural, en Bueu pola Asociación dos Santos Reis ou por concellos como Culleredo e Malpica (Ventureira 2017: 65)<sup>12</sup>.

É recoñecido o intento do colectivo In Nave Civitas de atraer á xente nos actos arredor de LUGRÍS con actividades para os nenos e nenas, con elementos lugrisiáns característicos (buguinas, cornas, redes, escafandras, narval...), con música, con manifestacións, con consignas rimadas<sup>13</sup>..., todas elas no espazo público. Teresa Ramiro insistiu durante a nosa conversa na importancia que teñen nestas actividades o aspecto formal e o atuendo dos participantes: “Para min non ten sentido celebrar un Día LUGRÍS sen surrealismo. Ir vestida normal celebrando o Día LUGRÍS é un pouco contraditorio” (Entrevista Teresa Ramiro 2018).

Xa que citamos reiteradamente os Días LUGRÍS, é o momento de entrar a examinar os actos levados a cabo polo colectivo. A dispoñibilidade dos membros de In Nave Civitas pesa á hora de manter un calendario de actividades. Con todo, existen actos fixos como o Día LUGRÍS, en decembro, arredor da data do pasamento do artista (o 23 de decembro de 1973). Incluso aqueles actos máis ou menos individuais tamén se poderían incluír –segundo Rodrigo

Osorio, arquivado e redactor do seu cadernos de bitácora–, entre as manifestacións culturais do colectivo, “pois todas as actividades que facemos calquera dos membros do colectivo nos eidos próximos (LUGRÍS, o mar, Galicia etc.) facémolas no nome de todos” (correo electrónico do 3 de setembro de 2018). Como se pode deducir, estamos ante un movemento de tinguiduras ácratas, que nace “dunha forma absolutamente libre e ideas libertarias” (entrevista Xurxo Souto 2018), pero cunha clara conciencia do que une os membros entre si e con aquelas persoas, empresas e institucións que ofrecen ou conceden a súa colaboración (desde o Museo de Belas Artes da Coruña á editorial Alvarellos, pasando por todos aqueles que participaron nas súas actividades).

Como adiantamos, a actividade máis salientable e significativa do colectivo In Nave Civitas é o Día LUGRÍS, no que colabora dende a terceira edición (2012) con obradoiros, grafitis, recitais, manifestacións, roteiros... co fío condutor da obra de Urbano LUGRÍS. De practicamente todos eles existe documentación gráfica e audiovisual accesible na rede –cf. especialmente a canle Youtube–. Velaquí o sumario de cada celebración:

I Día: 2010. Acto promovido pola concelleira de Cultura da Coruña, coa colaboración de establecementos de hostalaría e carpa para execución de arte na rúa.

II Día: 2011 en Vigo e Coruña. Non tivo continuidade

III Día: 28 de decembro de 2012. Incorporárase In Nave Civitas, que en adiante asume a súa organización. Primeira intervención do colectivo en actos como a decoración de paraugas con peixes e unha Manifestación Atlántica desde o Obelisco seguindo a ruta lugrisiá. Parada especial na casa que LUGRÍS habitou na rúa Mantelería, onde tiña o obradoiro. Execución, polo

<sup>11</sup> Algúns dos espazos públicos pintados por LUGRÍS son: fábrica de Massó (Bueu, ca. 1948), Capela dos Santos Reis (Bueu, 1948), restaurante Fornos (A Coruña, 1951), Asociación Cultural Iberoamericana (A Coruña, 1951), Instituto de Cultura Hispánica (Madrid, 1951), Lago y Lago (A Coruña, 1953), Gran Hotel (Vigo, 1953), restaurante América (Santiago, 1954), bar Lugo (Santiago, antes de 1955), bar restaurante Compostela (Santiago, 1956), Casa do pescador (Malpica, 1956), Tintorería (A Coruña, 1956), sanatorio Álvarez (Santiago, ca. 1957), taberna Arrumbambaya (Madrid, ca. 1959), hotel Embaixador (1960), barbería (A Coruña, ca. 1960-64), restaurante León (A Coruña, 1962), librería Cervantes (A Coruña, 1963), igrexa de Vilaboa (Culleredo, 1964), librería Librouro (Vigo, 1970)...

<sup>12</sup> Faltáballe ao investigador citar o concello de Bueu en 2004, que declarou ese ano como “Ano de Urbano LUGRÍS”.

<sup>13</sup> Algunhas delas son: “O que pintou a Marola / pintou a mar toda”, “Menos derrotismo / máis surrealismo”, “Reivindicamos / o acceso á beleza”, “Saca a túa vida / da lata de sardiñas”, “Máis poesía / menos economía”, “Aquí están, aquí se ven! Homes mariños, sereas en pé!”.

grafiteiro Pablo Outón, dun retrato de Lugrís<sup>14</sup>. Presentación oficial do colectivo no Bar Borrazás. Primeiras consignas. O bombardino O vendaval do Rosal interpreta “A furna de Fingal” de Mendelssohn.

IV Día: 21 de decembro de 2013. Obradoiro de paraugas no adro do Museo de Belas Artes. Celebración da arribada do mural de Lugrís, “A Coruña. Vista de 1830”. Estrea coral da “Rapsodia Lugrís”, himno do colectivo en adiante.

V Día: 20 de decembro de 2014. Inauguración na praza Sellier do mural que recrea a “Illa de San Barandán” de Lugrís. Obradoiro de paraugas pintados. Manifestación Atlántica. Parada no Xardín de San Carlos para escenificar o encontro de Urbano Lugrís con Antón Avilés de Taramancos, con intervención de Rodrigo Osorio e Paco Souto, e a colaboración de Anxo Angueira. Recital e alocucións nun local da praza do Papagaio.

VI Día: 19 de decembro de 2015. Estrea do vídeo de Iván Patiño, *Urbano Lugrís a través do océano*. Manifestación Atlántica Surrealista ata o Obelisco. Cantar de cego de Rodrigo Osorio sobre a “Historia non contada” da recuperación do mural de Lugrís da cafetería Vecchio na rúa Real, hoxe visible na oficina principal de Abanca.

VII Día: 17 de decembro de 2016. Inauguración na praza de Pontevedra do mural de KSE, “A Marinada soñada”. Obradoiro de paraugas. Manifestación Atlántica pola Pescadería, lucindo seis escafandras creadas por Viki Rivadulla. Alocucións na Coiraza, fronte ao mar do Orzán.

VIII Día: 21 e 23 de decembro de 2017 en Vilaboia e na Coruña. No adro da parroquia de Vilaboia, o historiador Manuel Pereira introduce o acto, xunto con representantes do Concello de Culleredo. Visita aos cadros de Lugrís na igrexa e no parvulario anexo. A poeta Estíbaliz Espinosa canta no templo “Ondas do mar de Vigo” co meniño Ulises ao peito. Inauguración do mural na rúa onde existía a taberna que frecuentaba Lugrís. O fillo do taberneiro fala dos recordos dese tempo e amosa obxectos decorados ou relacionados co pintor.

Coruña: Pedíuse a Abanca que na pantalla publicitaria da oficina do Cantón Grande se proxectasen cadros de Lugrís, mentres os nenos colaboraban no pintado de paraugas. Presentación do folleto “Tras os pasos de Urbano Lugrís”,

seguida da Manifestación Atlántica, con 5 paradas para recordar fitos lugrisiáns.

IX Día: 15 de decembro de 2018. Pintada de paraugas no Obelisco e manifestación polas rúas da Coruña con parada nos lugares de memoria de Urbano Lugrís.

Por outra parte, as visitas, roteiros (na Coruña, Malpica ou Vilaboia), recitais e charlas poden desenvolverse noutros lugares de Galicia grazas ás redes que vai tecendo o colectivo en Arteixo, Melide, Ferrol, Culleredo, Ordes, Malpica, Carballo, Compostela, Agolada, Moaña... Como tivemos ocasión de mostrar ao longo deste traballo, o movemento In Nave Civitas foi tecendo redes con outros colectivos poéticos, de maneira individual ou colectiva (como é o caso de A Porta Verde do Sétimo Andar), pero tamén con asociacións, entidades e institucións, agrupacións... Así se recolle no seu caderno de bitácora:

O colectivo colaborou con outras persoas e entidades na organización de diversas actividades: Museo de Belas Artes da Coruña; Centro Galego de Artes da Imaxe; Asociación Cultural Alexandre Bóveda; Asociación Cultural O Mural; Asociación Cultural Monte da Estrela; Editorial Alvarelos; Colectivo Esbardalle; bar A Buserana; Aspanaes; Anxo Angueira, Olivia Rodríguez; Antón Patiño, Manuel Rivas e Iván Patiño, entre outros. (In Nave Civitas 2017)

Aínda habería que engadir a Asociación de Veciños Oza-A Gaiteira, a Fundación Artabria, Espantallo Beat, Vicentes de Elviña, Asociación de Escritores en Lingua Galega... Outras irmandades lugrisiás parecen irse construíndo nos últimos tempos, como o grupo formado arredor do santuario dos Reis Magos de Bueu.

Á parte da produción literaria, especialmente a poética, podemos consignar outros logros que fomos citando: entre os artísticos e musicais, estarían os grafitis e o himno “Rapsodia Lugrís” de Moncho do Orzán<sup>15</sup>. Entre os literarios, o achado de dous textos de Urbano Lugrís que se integrarían no segundo libro de obras do autor, *El tesoro de Punta Herminia y otros textos sumergidos*, editado por Olivia Rodríguez en 2017. Nalgúns casos prodúcese o que na teoría da arte se chama fenómeno

<sup>14</sup> “E veu a policía municipal e como non tiña licenza, [dixéronlle] que non facía falta, confiscáronlle as pinturas e o retrato (Entrevista Xurxo Souto 2018).

<sup>15</sup> É chamado por Xurxo Souto para musicar dous dos poemas do obradoiro da AELG para o Día Lugrís 2012.

de “apropiación”, pois hai unha mestura de produción propia de LUGRÍS con produción do colectivo. É o caso da Rapsodia LUGRÍS cuxa orixe nos explicou Rodrigo Osorio:

Pensamos armar un tema musical para a presentación do mural do Museo de Belas Artes. Moncho ofreceuse para compoñer a música e chegou á seguinte xuntanza con ela e un retrouso: Urbano, Urbano, Urbano LUGRÍS / quen pintou o mar, /soños dun país.

(...) Pero quería axuda para o resto da letra. Eu lembreime de que nun dos contos compilados por Olivia na *Balada de los mares*.... había unha canción (a letra dunha canción) do propio LUGRÍS e que, como eran versos octosílabos, podían cadrar. Mandeille a Moncho as dúas estrofas (“Acerico...” e “Teño unha pedra...” e suxeirinlle o seguinte retrouso: Ulises, Ulises / Ulises Fingal / pintando a Marola / mudou todo o Mar.

A idea era introducir novas estrofas para darlles un “sentido” aos versos de LUGRÍS, pero non atopamos tempo daquela para facelo, e agora que é unha canción consagrada, case que é imposible facelo sen defraudar ao público. (Rodrigo Osorio, correo electrónico do 19 xullo de 2018).

Como xa indicamos, a mesma apropiación se aprecia no mural pintado por Outón<sup>16</sup>, ou na utilería usada nas manifestacións: buguinas furadas para facer coro, disfraces mariños, esculturas e manualidades para representar a fauna e a flora do mar. Trátase de elementos que son partes das estratexias usadas polos grupos subordinados para introducir a súa resistencia, disfrazada, no discurso público (Scott 2003: 197).

## 5.2. Recuperación da conciencia ambiental e dos espazos

Tendo en conta a profesión dalgúns dos membros de In Nave Civitas, non é estraña a reivindicación do medio marítimo e rural, é dicir, non só do espazo público senón do territorio galego. Rodrigo Osorio e Ana Badía expuxeron claramente esta preocupación así como a súa consciente recuperación dalgúns persoalidades vinculadas ao mar:

Eu penso que é algo máis que estético. Eu penso que hai moita xente que ademais vive do mar (Teresa, Xosé e Paco) e que eles teñen moi clara

a conciencia da protección e da necesidade dunha pesca, dunha convivencia coa natureza de xeito racional. (Entrevista Rodrigo Osorio 2018)

Aí hai distintas sensibilidades pero, por exemplo, tamén rescatamos, por medio do colectivo, a figura de Serafin Mourelle e o valor que tiña o mar aquí na Coruña, toda a flota do Gran Sol. El sempre insiste moito no tema do porto, como se foi quitando. (...) O tema do mar si que é fundamental. (Entrevista Ana Badía 2018)

Nas liñas que seguen, seleccionamos diferentes opinións dalgúns integrantes do colectivo que comparten o oficio da escrita co traballo no mar ou na terra. Trátase de “paradigmas intelectuais ecolóxicos capaces de resistencia” (Acuña / Nogueira 2017: 5). En 2017 profundamos no papel das mulleres para crear alternativas para elas e para a sociedade no seu conxunto. Nesta ocasión temos que aludir á preocupación ecolóxica dos homes e das mulleres do mar e da terra pertencentes ao colectivo In Nave Civitas. Son, como manifestamos daquela (*Id.*) “maneiras de resistir dentro do chamado ecoloxismo dos pobres (Martínez Alier 2005), protagonizado por mulleres e homes ameazados pola perda de recursos e servizos ambientais necesarios para vivir”. Nas palabras dos e das poetas advírtese o cambio social e persoal que leva á precarización da existencia dos traballadores e traballadoras e ás paisaxes ameazadas. Quizais eles e elas atopen en LUGRÍS un ronsel ecolóxico, unha “cartografía de Galiza” (Patiño 2004: 41), coa presenza sobranceira do océano, do sentimento popular.

Nas palabras do patrón e poeta Xosé Iglesias (2015), detéctanse as súas preocupacións polo medio mariño, pero tamén unha diagnose da “sexta extinción masiva” causada polo ser humano en todo o planeta:

No mar estamos a sufrir nas nosas propias carnes como dende Europa e co apoio incondicional do goberno se nos quere desterrar do noso entorno natural, da nosa profesión, do noso traballo, do noso xeito de vida. E vemos como os cartos da Consellería do Mar van adicados á destrución da nosa frota, despedazando ano tras ano barcos e máis barcos, comprobando como nos están a roubar os nosos peixes asignándonos cotas ridículas que non darían nin para soltar os cabos do peirao. Tamén se están a apoiar a acuicultura intensiva, cousa que nos parece

<sup>16</sup> Cando derrubaron o muro, o anaco correspondente á porta de ferro foi levado por Rodrigo Osorio e Ana Badía á súa casa, onde a teñen como cadro de salón.

desleal coa propia natureza cando sabemos que para producir un quilo de peixe de piscifactoría fan falla moitos quilos de peixe salvaxe para alimentalo. A situación é terrible, inspeccións continuas, importacións masivas de peixes foráneos, competencia desleal, desunión completa pola nosa parte. En definitiva, un sector que neste intre vai completamente navegando polo panorama político europeo sen rumbo ningún. Deberíamos ter a coexistión dos nosos propios recursos como levabamos facendo toda a vida. Os nosos antepasados xa foron quen de facer vedas, xa sabían das épocas de desova de cada especie e intentaban non sobreexplotar os caladoiros. Deberíamos tamén potenciar as áreas de reservas mariñas onde só puidesen pescar as artes de baixo impacto ecolóxico (artes menores, pesca artesanal), e dende o sector implicarnos co apoio da administración en dar a coñecer dende dentro (por exemplo a través do turismo mariñeiro) a nosa forma de traballar.

Na liña do indicado por Xosé Iglesias, o biólogo mariño Ph. Cury (Huet 2017: 55) sinala que as poboacións mariñas teñen que afrontar as seguintes ameazas: o cambio climático e a contaminación ou a degradación dos hábitats. O ecólogo M. Loreau (*Ibid.*) engade como as grandes causas das extincións actuais de orixe antrópica, ademais das indicadas por Cury, a destrución de hábitat provocados polos cambios no uso das terras ou pola artificialización dos medios, a introdución de especies exóticas, a sobreexplotación dos recursos biolóxicos, a contaminación e, en quinto lugar, o cambio climático. Loreau denuncia que a ideoloxía da modernidade nos incita a ignorar a natureza, é dicir, habería “un modelo social que nos empurra a separarnos do que aínda nos conecta coa natureza” (*Ibid.*: 139).

Paco Souto, recentemente desaparecido nun accidente laboral e coñecedor do mundo do mar como percebeiro, incide na contaminación e nas políticas públicas escasamente eficientes (Souto 2016). Chamamos a atención para o final da cita na que se identifica coa situación do animal do que vive (o mesmo que fará a poeta e mariscadora Teresa Ramiro):

O meu traballo é agridoce (...) Dunha parte é un traballo fantástico: en plena natureza, arriscado,

si, pero moi divertido, autónomo, moi esixente fisicamente tamén. O peor que ten é a inseguridade económica e meteorolóxica. Nunca sabes cando has poder traballar e sobre todo nunca sabes se che van pagar abondo polo teu traballo. (...) Hai xa tempo que non resulta doado manter unha familia se es perceber@.

Do lado negativo tamén encadraría as relacións faltas da mínima solidariedade entre compañeir@s, con excepcións. E o desprezo total d@s profesionais e da administración para co animal e o medio que nos dá todo. Estamos a traballar contra o percebe! (Souto 2016)

Esta cita permítenos entender mellor as palabras de Teresa Ramiro durante a nosa conversa e nas que aludía á variada problemática (cambio da normativa, contaminación da ría do Burgo<sup>17</sup>, individualismo das traballadoras...) que vive no seu traballo como mariscadora:

Máis que nada pola contaminación e tamén porque as canles naturais da ría están cegas pola acumulación da area. Todo perdeu o ritmo natural. (...) Desgraciáronnos varios areais coa ampliación da praia de Santa Cristina (...)

A ría non lle importa a ninguén. (...) Tivemos a fábrica de aceite, cansou de verter merda para a ría e non foi denunciada, que eu saiba. (...) Tivemos o matadoiro de Fricosa -frigoríficos Conchado-, que arreou merda canto quixeron e un pouco máis. Coca-cola que arreou... Alcampo, a gasolinera (...). O máis sonado así (recentemente) o do camión (...). Non se condenou a ninguén, non houbo indemnizacións, non houbo limpeza. (...) A xente tampouco se move. É un mundo un pouco individualista. (...) Cando se empezou a cortar a Ponte Pasaxe, a primeira que empezou a cortar a Ponte Pasaxe fun eu. (Entrevista Teresa Ramiro 2018)

Na mesma conversa Teresa Ramiro describiunos as dificultades vividas polas mariscadoras na actualidade (as condicións climáticas, as dificultades para conciliar...)<sup>18</sup>. De maneira significativa, na autopoética para o libro colectivo *De súpeto o inverno* a poeta mariscadora é consciente da relación de interdependencia entre os seres humanos e non humanos e confesa: “dende hai 25 anos ancoreime na Ría do Burgo, donde, mergullada entre salitre e area,

<sup>17</sup> Xurxo Souto (2001: 44) recorda os tesouros que habería na ría do Burgo segundo o cancionero popular recollido por José Ballesteros: “Adiós as ostras d’o Burgo / e as ostras d’o Pasaxe, / a Virxe de Pastoriza / nos dé a todos bo viaxe”.

<sup>18</sup> Da comparación das palabras de Teresa Ramiro coas das informantes de Xiana Iglesias e María Abelleira, concluímos que a situación das mulleres mariscadoras era semellante, nas dificultades, no norte e no sur de Galicia (Iglesias / Abelleira 2017).

róubolle fillos ao mar –sou mariscadora–” (Ramiro 2017: 28). Repárese na identificación co animal tal e como defende o ecofeminismo, por canto non se pode explicar adecuadamente que é ser humano sen recoñecer que os humanos son membros dunha comunidade ecolóxica (Warren / Cheney 2003: 396).

Por outra parte, Teresa Ramiro recordounos que a primeira noción que tivo do mar foi a través dunha veciña e traballadora, de nome Olga, que vendía berberechos polas portas. A ela dedicoulle este breve poema<sup>19</sup> recitado durante a entrevista coas autoras e que mostra a continuidade entre o corpo humano e o medio:

Olga vendía os berberechos por centos  
nunha vella lata de sardiñas.  
Os seus pés eran un calidoscopio do mar.

Significativamente, a propia Teresa recoñece no seu sangue os elementos do medio mariño, no poema “Fendas de salitre”<sup>20</sup>, así como as secuelas do traballo de mariscar no seu corpo e a incerteza dun futuro para a ría:

Como ondas vencidas/ percórrenme as arterias /  
solpores de invernía.  
Na beiramar do tempo / o frío e o vento da  
Pasaxe / foron quebrándome  
en silencio os ósos. / Un ronsel de lúas/e mareas  
baixas  
deixaron en min / unha estela de artrose e  
reúma. / Na arvorada da mañá  
dóbrome no areal / para abrir en sulcos o mar /  
na procura das ameixas.  
Teño as mans repletas de fendas, / de area e  
fango a pel.  
No remate da marea / aniñada no corazón  
queda  
a saudade de un futuro / nesta malferida ría.

En último termo, calquera de nós está ligado ao mar, como recoñeceu Kennedy (*apud* Gonsalla 2018: 9):

Penso que ha estar relacionado co feito de que  
o mar e a luz e os barcos mudan constantemente, e  
tamén co feito de que todos vimos do mar. Dáse

unha interesante circunstancia biolóxica: nas veas temos exactamente a mesma concentración salina ca a auga do mar e, polo tanto, tamén levamos sal no sangue, na suor, nas bágoas. Estamos ligados ao mar. cando volvemos a el, xa sexa para navegar, xa para observalo, volvemos ao lugar do que unha vez viñemos.

Páxinas atrás aludimos ao poema de Teresa Ramiro titulado “A Rabaleira”. Desde o punto de vista da ecocrítica interéranos especialmente por tratarse dun texto de solidariedade cos percebeiros (un traballo eminentemente masculino)<sup>21</sup> e de identificación destes coa natureza. O final, tinguido de encarnado, alude claramente ás dificultades do traballo:

Sobre a pedra de A Rabaleira / deslizan seus  
sonhos, os percebeiros,  
sombras dunha esperanza que se quebra / coma  
a onda na crista dos rochedos.  
Coiteladas de vida / coiteladas de sal!...

Rabaleira ti es pedra, eles son carne, / terra e  
vento, inmersos no mesmo mar.  
Sobre o teu ventre fecundo brincan / enchendo  
de vida o cesto dos sonhos.  
Coiteladas de vida / coiteladas de sal!...

Con sorrisos de espuma mordendo con furia, /  
sedento de sombras, en doce cantiga,  
vestindo de lágrimas un berro amargo, / o mar  
os arrola, roubándolles a vida.  
Coiteladas de vida / coiteladas de sal!...

NO MAR CRECERÁN SEMPRE ROSAS<sup>22</sup>

Se é dura a situación do noso mar, non é mellor a do medio rural segundo denuncia María José Fernández, poeta e traballadora do ámbito forestal. Ela explicaba para a revista *Palavra Comum* a problemática do interior que habita e do que vive:

O medio rural galego leva décadas inmerso nun proceso de despoboamento e abandono que se salda, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, con máis de 3.000 aldeas abandonadas, aproximadamente o cincuenta por cento

<sup>19</sup> Publicado en 2019.

<sup>20</sup> En 2019 este poema foi publicado con algunha variante (Ramiro 2019: 22).

<sup>21</sup> Os poetas do colectivo son conscientes do labor das mulleres traballadoras do mar. É o caso do patrón e capitán Xosé Iglesias, que poetiza oficios claramente femininos como mariscar e tecer redes nos textos “A mariscadora” (Iglesias 2014: 87) e “Redeiras” (Iglesias 2016: 43). Recomendamos a canle de youtube deste poeta, con centenaes de vídeos, para coñecer outros textos recitados ou a problemática dos traballadores e traballadoras do mar en Galicia. Paco Souto, pola súa vez, parte da súa propia nai e crea unha sinécdoque extensiva a todas as mulleres galegas no poema “á miña nai dóenlle as cervicais” (Souto 2016: 56).

<sup>22</sup> En 2019 o poema foi publicado con algunha variante (Ramiro 2019: 19-20).

no conxunto do estado español. Un proceso de abandono, hai que dicilo, causado en boa medida polos poderes políticos e económicos, empeñados na implantación de modelos produtivos intensivos e altamente especializados, tanto no eido agrogandeiro como no forestal. A chamada “reconversión do campo” foi un proceso brutal no que se pecharon un número elevadísimo de explotacións, coa conseguinte perda de postos de traballo. (...)

En canto ó sector forestal, que é no que se desenvolve o meu traballo, a aposta ata o de agora foi clara pola produción de madeira de especies de crecemento rápido como o eucalipto, unha opción que se vendeu como única rendible dada a nosa estrutura territorial, fortemente atomizada e con superficies medias inferiores á media hectárea. Non se apostou, por exemplo, pola xestión conxunta dos montes, co cal si sería posible poñer en práctica outro tipo de aproveitamentos. (Fernández 2015)

Esta poeta da Pontenova, María José Fernández, acolle na súa obra dispersa a solidariedade, o compromiso con nosoutas as mulleres nunha sororidade dorida (“Nós-Outras”), ademais da preocupación pola aldea (“A nena que voltou”) e polos animais non humanos (“O elevado risco de amar paxaros”) e a terra (“Espida”). Seleccionamos o poema titulado “O elevado risco de amar paxaros” que comeza coa cita de Mikel Laboa... “Eu o que amaba era un paxaro” e continúa cunha identificación total coa ave:

Rebentei tódolos candados / nunha obsesión  
permanente por voar...  
Forrei o meu niño / de orquídeas azuis / cando  
escollín libremente  
o destino dos paxaros. / Pero felices como  
estamos,  
cubertos por esta néboa / que nos sae da boca,  
aperto os puños / ó sentir o impacto  
de mil agullas / cravándose nas costelas.

E sei que tamén hoxe / abandonarás  
a miña casa sen portas, / como sei  
que os meus pés sentirán de novo / nostalgia  
da terra.  
Nostalgia / ata das augas turbias  
dos pronomes posesivos. / *E se lle tivera  
cortado as ás,*  
*tivera sido meu...* / *Pero eu o que amaba era*  
*un paxaro.* (VV. AA. 2015: 83-84)

Os poetas do colectivo In Nave Civitas, parafraseando o título do artigo de Angélica Velasco Sesma (2015), actúan como heroes e heroínas ecolóxicas, non no imaxinario, senón na vida real. Son persoas que transmiten valores ecolóxicos e igualitarios que poderían contribuír

a unha transformación das nosas actitudes con respecto á natureza. Queremos chamar a atención sobre as mulleres polo seu papel activo na defensa da natureza e na protección dos vínculos que nos unen co mundo natural e cos animais non humanos. Ademais de manifestarse nas declaracións que antes reproducimos, esta defensa activa apréciase na participación no colectivo In Nave Civitas, adubada cos elementos identificadores do mundo mariñeiro e rural. Así nolo expuñan Rodrigo e Ana:

Hai unha unión moi bonita con outro membro do colectivo que é (...) unha poeta de interior (...) é enxeñeira forestal e traballa diso (...) Nós levamos as cornas, pero é que María ten un corno de interior, que o usaban os pastores para chamar as vacas. (...) Ademais ela sempre o di (...) que ela levou o mar para a Pontenova e que intenta traer algo da Pontenova para aquí. (Entrevista Ana Badía 2018)

Por tanto o movemento In Nave Civitas podería constituír o que Xosé Constenla denomina “espazo de esperanza”, é dicir, un proceso social que emerxe dende abaixo, autoxestionado e con escasas estruturas, cun debuxo horizontal e participativo. (Constenla 2018). Espazo de esperanza fronte ao que o citado autor denomina “o colapso territorial de Galicia” caracterizado por dous trazos:

En primeiro lugar, o territorio galego é hoxe unha realidade menos humanizada e vai camiño de deixar de selo definitivamente. En segundo lugar, o territorio galego é hoxe unha realidade menos biodiversa e vai camiño de ser homoxénea ou, no peor dos casos, de estar abandonada. (Constenla 2018: 158)

Nos textos dos membros escritores e escritoras do colectivo está moi presente a súa concienciación ambiental, a conexión da persoa coa natureza e cos outros seres vivos (Xosé Iglesias, Teresa Ramiro, Paco Souto, María Xosé Fernández...). Algunhas publicacións nas que participan varios deles e varias delas –sen que apareza o nome de In Nave Civitas– son especialmente clarificadoras deste compromiso coa biodiversidade do mar e da aldea. Referímonos a *Aldeas sen voz*, con imaxes e textos de Vicente Ansola e poemas do colectivo A Porta Verde do Sétimo Andar (2016).

Tamén a cidade, a través da recuperación dos seus espazos nos que se intenta deixar a pegada de Lugo, é preocupación deste movemento. As palabras de Rodrigo Osorio durante a nosa conversa son reveladoras:

(...) pintar os grafitis paréceme unha pasada (...) porque o espazo da praza de Pontevedra estaba sucio e abandonado. Bueno a min paréceme importante facer visible a obra de Lugo, ese espazo era un espazo perdido que non existía (...). A min gústame moito como recuperación do espazo. (Entrevista Rodrigo Osorio 2018)

O patrón Serafín Mourelle manifestaba, nunha entrevista de 2016, a mesma opinión arredor do abandono dun elemento básico da cidade:

A actividade da pesca (...) nunca, ou case nunca, foi tida en conta polos organismos públicos, e ata foi menosprezada pola mesma sociedade. Mesmo os intelectuais nunca lle dedicaron excesivo tempo. Unha mostra do que afirmo témosta nesta mesma cidade da Coruña: nos primeiros noventa vendéronse todos os dereitos que tiñamos para as augas comunitarias, resultando que a cidadanía nin sequera lle dedicou unha bágoa... O que foi en toda a Historia a actividade máis rendible para Galicia, e moi principalmente para esta cidade. (Mourelle 2016)

Este sentir latexa na poesía de Serafín Mourelle tal e como soubemos grazas á divulgación e aos adiantos poéticos que Xurxo Souto foi deixando nos seus libros (Souto 2004: 110-111), neste caso trece anos antes de que o poeta conseguise publicar<sup>23</sup>. Repárese como o poeta patrón pide ás pedras que falen de tempos mellores:

Falade pedras, de tempos mellores, / de merluzas,  
rapes, cigalas, rapantes e bacallaus.  
Que falen as luces da cidade, / que bailen  
no espello do mar  
facendo acenos cómplices / ós alegres corazóns  
que chegan,  
convidándoos a participar / na esmorga da  
fermosa urbe.  
Que falen as mesmas luces / da tristura dos que  
marchan.  
Que a fermosa mítica milenaria / fale dos que  
saen coa proa cara a onde  
o ceo bica o mar, e da ledicia na faciana  
dos que tornan curtidos polo salitre de todos os  
mares.  
Que a sempre desexada luz da coroa siga  
alumeando  
a tantos e tantos que ollou marchar, pero non  
voltar. (...)

## 6. Consideracións finais

Acabamos de mostrar un colectivo cultural integrado por persoas comprometidas coa defensa da natureza, tanto marítima como rural, así

como cos valores do coidado e da igualdade. Esa defensa da natureza pode patentizarse na identificación entre o corpo humano e os animais non humanos que supoñen –ou non– un medio de vida (percebe, ameixa, paxaro...).

Ademais da defensa da biodiversidade, tamén se reivindica o espazo público como lugar de expresión artística literaria, musical, pictórica etc., nas súas diferentes versións:

- A rúa como escenario privilexiado para as expresións carnavalizadas de discursos libertarios e reivindicativos é defendido polos e polas integrantes do colectivo nun acto anual clave: o Día Lugo, cuxa celebración asumiron dende o nacemento do colectivo en 2012.
- A natureza e os animais non humanos como elementos dunha historia perdida ou, mellor, roubada para sempre polos problemas medioambientais actuais que son subproduto da cultura (Glotfelty 2010: 57).
- Os lugares da memoria de Lugo e os seus murais en cafés e bancos, como espazos para o discurso popular fronte ao culto e que agora se quere recuperar.

Non só se recuperan os espazos públicos para a colectividade, tamén se ocupan as redes sociais dunha maneira consciente en espazos dixitais individuais (Xosé Iglesias, Rodrigo Osorio) e colectivos (In Nave Civitas).

Por outra parte, podemos falar dunha transución a outras vilas e aos seus movementos culturais (asociacións) e poéticos (A porta verde do Sétimo Andar).

Por esta razón, o movemento cívico arredor da figura de Urbano Lugo é obxecto pola nosa parte dun estudo en proceso con numerosas liñas de investigación abertas. Entre elas, interézanos a análise da apropiación cultural. Unha das estratexias neste sentido consiste en, por un lado, ficcionalizar o real; e, polo outro, facer realidade a ficción. Aconteceu no III Día Lugo de 2012, o primeiro organizado por In Nave Civitas: houbo unha parada importante no xa mítico Bar Borrazás da rúa do Orzán, frecuentado por Urbano Lugo na ficción de *O señor Lugo e a negra sombra*, de Luís Rei. Realmente non se sabe se iso acontecía así, pero entraba dentro do posible verosímil, dado que o taller de Lugo estaba próximo, na rúa

<sup>23</sup> En Mourelle 2017 con variantes.

Mantelería. Tamén nos intentos de rescate do espírito dunha época perdida en 1936 advertimos este fenómeno. Este e outros tipos de apropiación cultural sêrvenlles aos membros

do colectivo de almeiro para a propia creación artística, como ilustra a composición “Oda á arribada do Mural” de Rodrigo Osorio.

## 7. Referencias bibliográficas

- A Nave das Ideas (2011): *Urbano Lugris. Coroa poética a Urbano Lugris*. Vigo: A Nave das Ideas.
- Acuña, Ana (2014): “Presentación”, en A. Acuña (ed), *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*. Berlin: Frank&Time, pp. 11-14.
- Acuña, Ana e María Xesús Nogueira (2017): “Introdución”, *Corpos, territorios e resistencias. Boletín Galego de Literatura* 50 (1º semestre), pp. 3-15. DOI: <https://doi.org/10.15304/bgl.50.4117>.
- Ansola, Vicente (2016): *Aldeas sen voz*. A Coruña: Editorial Canela.
- Carracedo Doval, Juan José (1998): “Poesía galega en presente (en torno a Miro Villar)”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 1, pp. 39-44, <https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/MADR9898110039A> [consulta: 26/06/2019].
- Constenla Vega, Xosé (2018): *O colapso territorial en Galiza*. Vigo: Galaxia.
- Fernández, María José (2015): “Entrevista a María José Fernández López”, *Palavra Comum* 22/05/2015, <http://palavracomum.com/entrevista-a-maria-jose-fernandez-lopez/> [consulta: 26/06/2019].
- Flys Junquera, Carmen, José Manuel Marrero Henríquez e Julia Barella Vigal (2010): “Ecocríticas: el lugar y la naturaleza como categorías de análisis literario”, en C. Flys Junquera, J. M. Marrero Henríquez e J. Barella Vigal (eds.), *Ecocríticas. Literatura y medio ambiente*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert, pp. 15-28.
- Fonte, Ramiro (2007): “Luces de Bohemia”, *A Nosa Terra* 1283, p. 25.
- Glotfelty, Cheryl (2010): “Los estudios literarios en la era de la crisis medioambiental”, en C. Flys Junquera, J. M. Marrero Henríquez e J. Barella Vigal (eds.), *Ecocríticas. Literatura y medio ambiente*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert, pp. 49-66.
- Gramsci, Antonio (1973): *Antología*, La Habana: Editorial de Ciencias Sociales (edición tomada de: Gramsci, *Antología*, selección y notas de M. Sacristán, Barcelona, Siglo XXI, 1970).
- Huet, Silvestre (coord.). *Biodiversidade: cara a uha sexta extinción masiva*. Vigo: Catro Ventos.
- Iglesias, Xosé (2014): *Transfusión oceánica*. Malpica: Caldeirón.
- (2015): “Entrevista ao poeta do mar: Xosé Iglesias”, *Palavra Comum* 10/12/2015, <http://palavracomum.com/entrevista-ao-poeta-do-mar-xose-iglesias/> [consulta: 26/06/2019].
- (2016): *A relixión do mar*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns.
- Iglesias Villaverde, Xiana e María Abelleira Fontán (2017): “Oficios de salitre. As mulleres e os traballos do mar”, *Corpos, territorios e resistencias. Boletín Galego de Literatura* 50, pp. 69-88. DOI: <https://doi.org/10.15304/bgl.50.3900>.
- In Nave Civitas (2017): *Caderno de Bitácora*. Inédito.
- Lugris, Urbano (2008): *Balada de los mares del norte. Poemas, cuentos y ensayos, 1942-1973* (ed. O. Rodríguez González). Santiago de Compostela: Alvarellos.
- (2017): *El tesoro de Punta Herminia y otros textos sumergidos* (ed. O. Rodríguez González). Santiago de Compostela: Alvarellos.
- Maceiras, Xabier e Fernando Patricio (2014): *De Liverpool ás Sisargas. A derradeira travesía do Priam*. A Coruña: Edicións Embora.
- Martínez Arlier, Joan (2005): *El ecologismo de los pobres. Conflictos ambientales y lenguajes de valoración*. Barcelona: Icaria.
- Mourelle, Serafín (2016): “O mestre lobo do mar Serafín Mourelle”, *Palavra Comum* 27/10/2016, <http://palavracomum.com/o-mestre-lobo-de-mar-serafin-mourelle/> [consulta: 26/06/2019].
- (2017): *Carapelas de sal e iodo*. Malpica: Caldeirón.
- Patiño, Antón (2007): *Urbano Lugris (viaxe ao corazón do océano)*. Sada: Edicións do Castro.
- (2014): *Urbano Lugris*. Vigo: A Nosa Terra.
- Ramiro, Teresa (2019): *Fundido a negro*. Malpica: Caldeirón.
- Rei Núñez, Luís (2007): *O señor Lugris e a negra sombra*. Vigo: Xerais.
- Rodríguez, Miguel (2017): “Y la calle gritó «medre o mar»”, *La Opinión* 7/05/2017, <https://www.laopinion-coruna.es/coruna/2017/05/08/calle-grito-medre-o-mar/1178805.html> [consulta: 26/06/2019].
- Scott, James C. (2003): *Los dominados y el arte de la resistencia*. Nafarroa: Txalaparta.

- Souto, Paco (2016a): *e Caín*. Santiago de Compostela: Laiovento
- (2016b): “Entrevista ao escritor, editor e percebeiro Paco Souto”, *Palavra Comum* 29/02/2016, <http://palavracomum.com/entrevista-ao-escritor-editor-e-percebeiro-paco-souto/> [consulta: 26/06/2019].
- Souto, Xurxo (2001): *Contos da Coruña*. Vigo: Xerais.
- (2004): *Contos do mar de Irlanda*. Vigo: Xerais.
- (2018): *A gran travesía de Chiruca Macallás*. Vigo: Xerais.
- Tudela, Mariano (2012): *Una vida de literatura. Obra periódica recuperada, 1948-2000* (ed. O. Rodríguez González). Santiago de Compostela: Alvarellos.
- VV.AA. (2017): *E de súpeto o inverno*. Bilbao: Agalir.
- VV.AA. (2015): *Dez anos na porta. Antoloxía poética 2005-2015*. Vigo: Nova Galicia Edicións.
- Velasco Sesma, Angélica (2015): “Más allá del mecanicismo: heroínas ecológicas del imaginario actual”, en A. Puleo (ed.), *Ecología y género en diálogo interdisciplinar*. Madrid: Plaza y Janés, pp. 341-358.
- Ventureira, Rubén (2017): “U. L. a la carta. El decorador de espacios públicos y privados”, en *Lugris, paredes soñadas*. A Coruña: Abanca Afundación, pp. 61-143.
- Warren, Karen J. e Jim Cheney (2003): “Feminismo ecologista y ecología de ecosistemas”, en K. J. Warren (ed.), *Filosofías ecofeministas*. Barcelona: Icaria, pp. 379-405.